



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN MAROLA FUTBOL CLUB NO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FOMENTO DA PRÁCTICA DEPORTIVA PARA MENORES INTERNADOS NO CENTRO CONCEPCIÓN ARENAL E DE SOPORTE Á AUTONOMÍA DOS MOZOS QUE REMATAN O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE INTERNAMENTO EN CENTROS DE REEDUCACIÓN.

En Santiago de Compostela, a 11 de maio de 2018

REUNIDOS

Dunha parte José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e segundo o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, Vicente Bellón Martínez con DNI nº 00354004B , presidente da Asociación MAROLA FUTBOL CLUB, que actúa en nome e representación desta, con CIF nº G15583370 e con domicilio social en rúa Federico Tapia nº 15-4º dereita da Coruña, estando expresamente facultado para a formalización do convenio en virtude dos estatutos da asociación, que constan inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Ambas as dúas partes, con capacidade xurídica bastante e os representantes con poderes suficientes e axeitados en dereito para obrigar as súas representadas,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

A Consellería de Política Social, través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a



execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en diante LORPM).

SEGUNDO

O artigo 55 da LORPM dispón que toda a actividade dos centros nos que se executen medidas de internamento estará inspirada polo principio de que a persoa menor internada é suxeito de dereito e continúa formando parte da sociedade. En consecuencia, a vida no centro debe tomar como referencia a vida en liberdade favorecendo a colaboración e participación de entidades públicas e privadas no proceso de integración social.

TERCEIRO

O MAROLA FUTBOL CLUB, inscrito no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-6550, é unha asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario, ademais da promoción do deporte e da educación a través do mesmo, e a integración social dos mozos en risco de exclusión social, especialmente dos internos dos centros de menores.

En cumprimento dos seus fins a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB, puxo en marcha no ano 2013 un proxecto destinado ao promover a práctica deportiva no centro Concepción Arenal a partir da creación dun equipo de fútbol sala formado por internos do centro, que serve de complemento para a inserción e formación dos menores participantes. Como resultado da experiencia acadada desenvolve dende o ano 2016 un programa de apoio á autonomía dirixido un grupo de internos, entre 18 e 25 anos de idade, que unha vez finalizada a súa estancia no centro Concepción Arenal residen na cidade da Coruña, facilitándolles o apoio necesario para favorecer a súa emancipación naqueles casos en que o regreso do mozo a súa contorna socio familiar sexa prexudicial para os fins de reinserción social.

CUARTO

Que ambas as dúas partes consideran prioritaria a inserción social e laboral dos menores e mozos en situación de exclusión social a través da utilización da



práctica física e o deporte como vehículo para a súa integración social, e están interesadas en cooperar no desenvolvemento deste programa destinado a fomentar a práctica deportiva dos internos do centro Concepción Arenal como mecanismo de loita contra a exclusión e a apoiar aos mozos que, unha vez finalizado o cumprimento dunha medida de internamento nun centro de reeducación, residan na cidade de da Coruña, co fin de favorecer a súa emancipación na súa transición cara a vida adulta.

QUINTO

A Consellería de Política Social considera de especial importancia favorecer a intervención que ven desenvolvendo a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB, co fin de levar a cabo a súa labor social en interese dos menores e mozos internados no centro Concepción Arenal, así como daqueles mozos que finalizan o cumprimento dunha medida de internamento nun centro de reeducación e residan na cidade da Coruña e non contan cun soporte socio familiar axeitado.

De acordo co establecido no artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social en canto vai destinado a satisfacer as necesidades inherentes ao menores e mozos que cumpren medidas privativas de liberdade no centro Concepción Arenal, favorecendo a súa integración social mediante a súa participación en actividades deportivas así como a inserción socio laboral de aqueles que sendo maiores de idade finalizan o cumprimento dunha medida de internamento en calquera dos centros de internamento e non contan co soporte socio familiar necesario.

Así mesmo o artigo 19.4 c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

A maior abundancia, o artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en relación co artigo 55 do mesmo texto legal, habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

O carácter singular deste proxecto, sen convocatoria pública, xustifícase na experiencia amosada por este club, que ven desenvolvendo con éxito un programa dirixido a facilitar o acceso dos menores internados a unha



actividade deportiva e permitir que os mozos entre 18 e 25 anos externados do centro que presentan dificultades socio familiares poidan contar co soporte necesario para a súa inserción socio laboral, facilitándolles a axuda necesaria para a súa autonomía de xeito que poidan continuar a formación ou acadar a súa inserción socio laboral.

Polo exposto, as partes comparecentes na representación que ostentan acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB para o financiamento do programa que desenvolve o club durante o ano 2018 dirixido a facilitar a práctica deportiva dos internos no centro Concepción Arenal así como o tránsito a autonomía e a inserción socio laboral dos mozos, de idades comprendidas entre 18 e 25 anos, que finalicen o seu internamento nun centro e residan na cidade da Coruña, naqueles casos nos que e o seu entorno socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción socio laboral.

SEGUNDA. Beneficiarios da actividade

Internos que están cumprindo medidas privativas de liberdade no centro Concepción Arenal (A Coruña) e se incorporan ás actividades deportivas do club así como aqueles mozos entre 18 e 25 anos desinternados dun centro que residan na cidade da Coruña, estean desempeñando algunha actividade laboral ou formativa, e non contén cun soporte familiar ou o seu entorno socio familiar de referencia poida ser prexudicial para os fins de reinserción social.

TERCEIRA. Obxectivos e actividades

O obxectivo é facilitar a reinserción dos menores que cumpren unha medida xudicial no centro de internamento Concepción Arenal favorecendo a súa inclusión en actividades deportivas, e a inserción socio laboral dos mozos externados dun centro que residan na cidade da Coruña e non contén co soporte socio-familiar necesario.

Para a súa consecución, as actuacións que se compromete a levar a cabo a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB durante o período son:



- Facilitar a participación dos internos do centro Concepción Arenal na práctica de actividades deportivas mediante a súa inclusión no equipo de fútbol sala do club, poñendo ao seu dispor o material deportivo necesario, comprometéndose a formalizar as inscricións ou fichas federativas para a súa participación nas competicións nas que tome parte o equipo e asumir os gastos derivados do aluguer das instalacións deportivas e da arbitrase.
- Facilitar a inserción socio laboral dos mozos, entre 18 e 25 anos, que rematan o cumprimento da medida de internamento nun centro e residan na cidade da Coruña, naqueles casos nos que a súa situación socio-familiar o requira, cubrindo as súas necesidades de manutención e aloxamento así como os gastos de desprazamento necesarios para a realización de actividades formativas e laborais, supervisando a súa evolución en coordinación, se é o seu caso, co técnico responsable da execución das medidas de medio aberto.

CUARTA. Compromisos da Consellería de Política Social

Para o desenvolvemento do programa a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, comprométese a:

1. Propoñer á Asociación MAROLA FUTBOL CLUB (a través da dirección do centro, previo acordo da comisión educativa) os menores que se darán de alta no equipo de fútbol sala, facilitando os datos e documentación necesarios para a súa alta federativa.

2. Propoñer á Asociación MAROLA FUTBOL CLUB, a través da dirección do centro correspondente, previa valoración da súa situación socio-familiar (levada a cabo polo/a traballador/a social e psicólogo/a), a inclusión dos mozos como beneficiarios do programa da entidade.

3. Supervisar e coordinar as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa asegurando que as mesmas se axustan ao obxecto do presente convenio.

QUINTA. Compromisos do MAROLA FUTBOL CLUB

No desenvolvemento do programa a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB comprométese a levar a cabo os obxectivos e actividades sinalados na cláusula terceira e ademais a:

1. Cumprir con todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e con todos os requisitos necesarios para



obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 desta norma.

2. Designar un responsable da execución do programa, que levará a cabo as actuacións necesarias para o cumprimento do convenio.

3. Coordinarse coa Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, e co centro, de cara á derivación ao programa dos internos que participarán no equipo de fútbol así como daqueles mozos que participen nas actuacións do programa da entidade dirixidas a fomentar a súa autonomía e inserción socio laboral.

4. Informar á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ao centro ou, se é o caso, ao responsable da execución das medidas de medio aberto, das altas e baixas producidas así como de calquera incidencia que afecte aos menores e mozos.

SEXTA. Medios persoais

Sen prexuízo da labor de coordinación do programa que leva a cabo a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB a través do seu presidente, esta entidade contará cun/cunha educador/a a tempo parcial, encargado/a de supervisar a evolución dos mozos entre 18 e 25 anos que participan no programa destinado á cobertura das súas necesidades de manutención e aloxamento, e de prestarlles o apoio educativo necesario.

Así mesmo, contará coa colaboración dun profesional da psicoloxía que intervirá cos mozos con ocasión da súa incorporación ao programa e naqueles casos nos que se considere necesario, previa autorización dos mesmos. O seu labor se concretará en entrevistas cos mozos e a realización dos pertinentes informes.

SÉTIMA. Condicións económicas

O orzamento total do programa é de 20.001,17 €.

Para a execución do programa e de acordo co establecido no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei de subvencións, a Consellería de Política Social achegará á Asociación MAROLA FUTBOL CLUB, a cantidade de 13.520,94 € con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 na que existe crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio. A



devandita achega límítase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Así mesmo, a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB, comprométese a achegar a cantidade de seis mil seiscientos vinte euros (6.480,23€) procedentes de fondos propios ou outras subvencións ou recursos.

As devanditas cantidades se destinarán a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo I deste convenio e que de xeito indubidable se destinen á realización de actividades deportivas que leve a cabo o club e aos mozos beneficiarios das axudas á autonomía incluídas no programa. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada no convenio non varíe.

Ao amparo do previsto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 62 e 63 do Regulamento de desenvolvemento da dita lei, o pagamento da contía referida deste convenio farase do seguinte xeito:

Ata o 80% do total concedido (10.816,75€) poderase facer efectivo mediante pagos parciais a conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade xustifique a realización da actividade e os gastos e pagos realizados.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías ás que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4 f) do dito decreto.

- O 20% restante (2.704,19€) pagarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A dita xustificación farase coa achega da seguinte documentación:

- Certificación, expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá:

- Relación de facturas
- Facturas orixinais
- Xustificante de pagamento dos gastos realizados e pagados segundo o establecido no parágrafo 2º do artigo 29 da Lei 12/2007. Esta documentación non será esixible para aqueles gastos realizados no derradeiro mes de vixencia do convenio, cuxo pagamento efectivo sexa



imposible dentro do prazo de xustificación por causas non imputables á Asociación MAROLA FUTBOL CLUB. Nestes casos será suficiente coa presentación das facturas devengadas no período, conforme ao indicado na liña anterior, sen prexuízo do sometemento ás actuacións de comprobación e control posteriores.

- Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas, na que se recolla as actuacións levadas a cabo pola asociación en relación co obxecto do convenio, con indicación dos menores e mozos de alta no equipo de fútbol sala e do resto dos mozos beneficiarios das axudas á autonomía no período que comprende a memoria.
- Declaración responsable de que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.



No momento da xustificación da execución total do proxecto e en calquera caso antes do derradeiro pagamento, a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB achegará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos ou entes.

De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese como data límite do prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio o 20 de decembro de 2018. Non obstante, o órgano xestor do convenio poderá esixir acreditación da xustificación da subvención con anterioridade e en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de pechamento do exercicio 2018.

OITAVA. Compatibilidade

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Co importe das axudas previstas neste convenio en ningún caso se poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario, sexa illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.



NOVENA. Xustificación e control

A Asociación Marola Fútbol Club someterase ás actuación de comprobación que a Consellería de Política Social poida levar a cabo para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins do convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarse ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 14 c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007.

O MAROLA FUTBOL CLUB deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

DÉCIMA. Protección de datos

Ambas as dúas partes garanten a total confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución do presente convenio.

A Asociación MAROLA FUTBOL CLUB, obrígase ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos, e en concreto, á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ao decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da dita lei.

Por outra banda, en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 5/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais que facilite a asociación con motivo da tramitación de concesión da subvención, quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde do 15 de decembro de 2011, denominado *Relacións administrativas coa cidadanía e entidades*, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico á sxt.politicasocial@xunta.gal.



DÉCIMO PRIMEIRA. Seguimento

Para o seguimento deste convenio de colaboración se creará unha Comisión Mixta de Seguimento que terá como funcións velar polo cumprimento do que nel se establece, tratar de resolver as cuestións que xurdan durante a súa execución, así como avaliar o seu funcionamento e eficacia.

Esta comisión estará integrada por:

- A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou persoa que a supla de acordo co establecido no Decreto 176/2015, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.
- O presidente da Asociación MAROLA FUTBOL CLUB.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario/ a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A comisión reunirse polo menos unha vez ao ano; unha tras a sinatura deste convenio e outra tras a remisión da memoria anual. Ademais se reunirán tantas veces como sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

A dita comisión réxese polo establecido neste convenio e polas previsións que para os órganos colexiados se conteñen na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia

O presente convenio de colaboración terá unha duración dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2018.

DÉCIMO TERCEIRA. Causas de resolución e efectos

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.



- O transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos intereses de demora devengados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social poderá esixir o reintegro das cantidades aportadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015.

DÉCIMO CUARTA. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio de colaboración terá carácter administrativo e os seus efectos se rexen polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aprobou o seu regulamento; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e o establecido na normativa en materia de contratos de sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que puideren presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan da súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas pola Consellería de Política Social, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o disposto na Lei 29/1998, de 13 de xuño, reguladora desta xurisdición.

DÉCIMO QUINTA. Publicidade

O convenio quedará sometido en canto a súa publicidade ao establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e, en canto á publicidade das subvencións, ao establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, e de



conformidade co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria a consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas e informará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

A Asociación MAROLA FUTBOL CLUB terá a obriga de subministrar á consellería toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de acordo co disposto no artigo 4 da dita lei.

De conformidade coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, por duplicado, no lugar e data expresados.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA
SOCIAL

O PRESIDENTE DO MAROLA
FUTBOL CLUB.

Jose Manuel Rey Varela

Vicente Bellón Martínez



Anexo I

DESAGREGACIÓN DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO 2018 CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN MAROLA FUTBOL CLUB			
Concepto	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	MAROLA FUTBOL CLUB	ORZAMENTO TOTAL
Gastos aluguer	5.080,00€	1.520,00€	6.600,00€
Gastos electricidade	320,00€	80,00€	400,00€
Gastos butano	46,00€	74,00€	120,00€
Gastos manutención	1.200,00€	800,00€	2.000,00€
Gastos psicóloga	600,00€	400,00€	1.200,00€
Gastos educador social	4.274,94€	2.506,23€	6.781,17€
Material deportivo	300,00€	300,00€	600,00€
Inscripción competición, fichas, arbitaxes	700,00€	700,00€	1.400,00€
Gastos varios extraordinarios para participantes	400,00€	100,00€	500,00€
Gastos desprazamentos	600,00€		600,00€
TOTAL	13.520,94€	6.480,23€	20.001,17€

